



Jesus Vázquez Almuiña. Conselleiro de Sanidade.
Antonio Fernández Campa. Xerente do SERGAS
Margarita Prado Vaamonde. Directora de RRHH

O luns 4 de maio publicouse no DOG a Lei 2/2015, do 24 de abril do Emprego de Galiza. O 31 de outubro de 2015 publicouse no BOE o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico da/o Empregado/a Público.

Nas dúas normas recóllese unha nova concesión de permisos e licenzas referentes a: permisos por enfermidade, hospitalización e coidado no domicilio do familiar, conciliación familiar, ausencia do posto de traballo por enfermidade, por xestión.. e curiosamente Función Pública inclúe permiso para doazón de sangue.

En aras á responsabilidade co seu persoal, a Dirección de Función Pública e a Consellaría de Educación, negocian no seo da súa mesa sectorial a regulación destes permisos para o persoal do seu ámbito. Na Orde de Función Pública recolle expresamente que esta regulación non será de aplicación ao persoal estatutario; entendendo que o persoal estatutario ten o seu propio ámbito de negociación.

RESOLUCIÓN do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas.

ORDE do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas.

Vostedes, polo posto que ocupan, son plenamente conscientes da dificultade que ten o persoal do SERGAS para gozar dos permisos regulados na normativa.


A prestación de servizo a través de quendas, a prestación ininterrompida durante as 24hs do día, os 365 días do ano, as condicións específicas nas que se desenvolve a asistencia sanitaria, son as motivan que o SERGAS tivese unha regulación propia destes permisos. E vostedes coma responsables do Servizo Galego de Saúde, deberían ser os máximos interesados en facilitar os dereitos das/os traballadoras/es.

Mais lamentablemente isto non acontece así, non responden á petición reiterada de negociar na mesa sectorial do SERGAS unha norma propia que recolla as especificidades do traballo na sanidade pública. Que fan? calan, e mentres tanto denegan os permiso aos que o persoal ten dereito.

Desde CIG-SAÚDE ESIXIMOS que fagan efectiva a súa responsabilidade coas/os traballadoras/es, que non fagan uso exclusivamente desta facultade para aplicar os recortes.

Agardamos que, de inmediato convoquen a mesa sectorial para abordar a negociación dos permisos e licencias no ámbito estatutario.

Compostela, 23 de marzo de 2016

Asdo: 
Secretaría Nacional de CIG-SAÚDE.

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Tfnos: 981 552826
981 564300
662 312958

Fax: 981 571082

Correo-e:
secretarianacional@cig-
saude.info
executiva@cig-saude.info
saudelaboral@cig-saude.info

Web:
www.cig-saude.info